Ó CONSELLO ECONÓMICO E SOCIAL DE GALICIA

A Organización Profesional Agraria **UNIONS AGRARIAS-UPA**, en atención ao acordado na Comisión Sectorial 3, en relación co Ditame do anteproxecto de Lei de Mellora da Estrutura Agraria de Galicia formula inicialmente, e sen prexuízo das que xurdan nas reunións e traballos da Comisión, para o seu debate as seguintes

PROPOSTAS:

Necesitamos mecanismos e medidas que sirvan, de forma inmediata e efectiva, para aumentar a base territorial de explotacións gandeiras de leite con activade para que, mediante a mellora de súa rendibilidade, asegurar a súa supervivencia e, con elo, contribuír á fixación de poboación no medio rural.

Entendemos que o anteproxecto do que se nos da traslado non da resposta a ese obxectivo. Denominase Lei de Mellora da Estrutura Agraria de Galicia e, detrás do texto, agáchase basicamente (xa que o mecanismo das permutas voluntarias tampouco parece unha novidade e, sen dotarse doutros incentivos, demostrou que tampouco resulta eficaz) unha máis que deficiente modificación da lei de concentración parcelaria de Galicia.

O CES de Galicia tivo oportunidade de facer un importante traballo na derradeira modificación da lei de concentración parcelaria e na redacción definitiva da esta tivéronse en conta boa parte das súas consideracións. Reiteramos as achegas e propostas a aquel texto para a súa incorporación ó presente, remitíndonos os arquivos do Consello.

Aparte da análise do texto que en base as devanditas achegas e propostas se realice, é preciso que, dentro do ditame que se solicita, o CES:

1. Analice as actuacións efectuadas pola Administración en materia de concentración parcelaria, estudando os procesos iniciados e rematados dende aquela modificación, as zonas onde se actuou e os investimentos realizados. Seguramente concluiremos que a cuestión no é facer modificacións denominativas do proceso de concentración parcelaria senón actuar de acordo co que aquela lei prevía
2. Propoña a incorporación na lei de medidas modificadoras de normas vixentes que contribúan de forma efectiva a mellorar a estrutura territorial agraria de Galicia. A modo de exemplo:

    A. Modificando la Lei 6/2011 de Mobilidade de Terras para: a)Facer atractivo aos propietarios do agro a incorporación do seus predios para o arrendamento, mediante a garantía de cobro de rendas (a semellanza da bolsa de aluguer creada no seu día para os inmobles urbanos) b)Aproveitar o mecanismo das zonas de actuación agraria previstas, en cuxa determinación deberían participar as tres organizacións agrarias, para o establecemento nas mesmas de rigorosa planificación dos cultivos e distancias de plantación.;Articulando medidas que contribúan á exención tributaria das rendas percibidas como rendementos de capital inmobiliario e a non tributación por incrementos patrimoniais nas

compravendas e permutas coa finalidade do aumento da base territorial.

B. Articulando medidas que eviten que a percepción dunha renda de arrendamentos rústicos que implique a perda do complemento a mínimos dunha pensión contributiva ou o dereito á percepción dunha non contributiva.

C. Modificando a Lei de Arrendamentos históricos para permitir o acceso á propiedade dos arrendatarios á casa labor e, no seu caso, a un dez por cento das terras que viñan levando (co máximo dunha hectárea) a fin de que o resto das fincas poidan quedar libres para explotacións de maior viabilidade.

En Santiago, a 14 de xullo de 2014



Asdo.: Roberto García González